

Concurso de Fotografía “Cor de outono” 2025

Saca a túa cámara e captura a maxia do outono

A Coordinación de dinamización da lingua e a Biblioteca do CIFP Someso invítanche a participar no **Concurso de Fotografía de Outono**.

1. Tema e Participantes

- Tema: O tema principal debe ser a estación outonal no seu sentido máis amplo.
- Participantes: Poderá participar calquera membro da comunidade educativa do instituto, é dicir, alumnos e profesores.
- Categorías:
 - Categoría A: Alumnado.
 - Categoría B: Profesorado.

2. Características das obras

- Orixinalidade: As fotografías deben ser orixinais e inéditas, é dicir, non ser presentadas nin premiadas noutros concursos, webs ou medios dixitais/impresos.
- Autoría: O participante responsabilízase totalmente de ser o único autor da fotografía.
- Número de Obras: Cada participante poderá presentar un máximo de 1 fotografía.
- Técnica: Aceptaránse fotografías a cor ou en branco e negro. Poden estar tomadas con cámara réflex, cámara compacta ou teléfono móbil.
- Retoque: Non se aceptarán fotomontaxes ou alteracións electrónicas que cambien o contido da imaxe.
- Exclusiones: As fotografías non deben incluír marcas de auga, datas, nomes visibles, persoas identificables ou calquera tipo de marco.

3. Formato e Presentación

- Formato de Arquivo: As fotografías enviaranse en formato dixital JPG/JPEG .
- Peso e Tamaño: O tamaño do arquivo debe estar comprendido entre 2 MB e 10 MB.
- Envío: As fotografías enviaranse por correo electrónico a bibliosomeso@gmail.com
- Información Requerida: No correo de envío débese incluír a seguinte información por cada fotografía:
 1. Título da fotografía.
 2. Nome e apelidos completos do autor.

3. Curso/departamento do autor.
4. Lugar e data aproximada onde foi tomada a fotografía.

4. Prazo e Xurado

- Prazo de Entrega: O prazo estará aberto desde o 27 de outubro ata o 17 de novembro . Non se admitirán obras posteriores.
- Xurado: O xurado estará composto por un membro do equipo directivo, un profesor e un alumno.
- Criterios de Valoración: O xurado valorará:
 - Adecuación ao tema (Outono).
 - Composición.
 - Orixinalidade e Creatividade.

5. Premios

Os premios consistirán en bonos para os cines Yelmo en Espacio Coruña.

- **Alumnado:**
 - 1º premio: Bono Yelmo Pass Family (15 entradas+Menú familiar 55€)
 - 2º premio: Bono Yelmo Pass para 2(10 entradas+Menú dúo 40€)
 - 3º premio: Bono Yelmo Pass Capitán (5 entradas+Palomitas 20€)
- **Profesorado e PAS:**
 - 1º premio: Bono Yelmo Pass Family (15 entradas+Menú familiar 55€)

6. Dereitos e Exposición

- Exposición:
 - Todas as fotografías enviadas serán expostas con anterioridade ao fallo do xurado para que poidan ser vistas pola comunidade educativa.
 - As mellores fotografías serán expostas no centro e/o una biblioteca (ou publicadas na web/redes sociais do instituto) despois do fallo do xurado.
- Dereitos: Os participantes ceden ao instituto o dereito de reprodución, comunicación pública e exposición das fotografías presentadas para fins educativos e de promoción do centro, sempre citando a autoría.

7. Criterios de Avaliación do Xurado

CRITERIO	CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “COR DE OUTONO”			
	1 pto.	3 ptos.	5 ptos.	Puntuación
1. Adecuación ao tema	El tema está poco relacionado con el otoño	Muestra elementos del otoño pero sin intención clara.	La foto captura la esencia y la belleza del otoño de forma clara.	
2. Composición	A composición dificulta ver ben a foto e/ou está desordenada.	A composición é boa pero mellorable.	A imaxe está ben organizada e equilibrada.	
3. Orixinalidade e creatividade	É una imaxe xenérica e moi vista. Non aporta nada novo.	A foto é interesante pero o enfoque é similar e/ou igual a moitas das fotografías presentadas.	A foto presenta unha perspectiva única, creativa e sorprendente do tema. A imaxe ten impacto visual e personalidade propia.	
PUNTUACIÓN TOTAL				